



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas e trinta minutos do vinte e oito de decembro de dous mil dezasete, reuníronse en sesión ordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Dona María Isabel García Pacín, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona Fátima Iglesias Núñez, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Non asiste á sesión o concelleiro Don Álvaro Santos Ramos, explicando a concelleira Sra. Martínez Martínez, as razóns da súa ausencia.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Unha vez aberto o acto polo Sr. Alcalde, seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Dáse conta ao Pleno do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o vinte e oito de setembro do actual, repartido coa convocatoria. Polo Sr. Alcalde pregúntase aos señores concelleiros se están de acordo coa redacción da acta, ou queren facer algunha alegación ao respecto.

Á vista de que polos señores concelleiros non se desexa formular ningunha cuestión ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA** prestar aprobación ao borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o vinte e oito de setembro do actual, proclamando o Sr. Alcalde o acordo adoptado.

2.- ORZAMENTO MUNICIPAL DO EJERCICIO ECONÓMICO DE 2018.- Dáse conta ao Pleno do Concello do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do orzamento para o exercicio económico de 2018.

Considerando que na súa tramitación cumpríronse os requisitos esixidos pola lexislación vixente, en especial do preceptuado nos artigos 162 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) e que conteñen os documentos que preceptúan os art. 164, 165 e 168 e concordantes do devandito Real Decreto Lexislativo 2/2004 (na redacción dada polo R.D. 17/2014 de 26 de decembro) e no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e que se elaboraron coa estrutura indicada na orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, así como do establecido na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Vistos informes emitidos pola Intervención e despois do correspondente debate sobre os créditos de gastos e ingresos, o Pleno do Concello en votación ordinaria e por oito votos a favor (do Sr. Alcalde e dos concelleiros do Grupo Popular) e dous votos en contra (dos concelleiros do Grupo Socialista asistentes á sesión) **ACORDA:**

- 1- Aprobar inicialmente o orzamento para o exercicio de 2018, co seguinte resume a nivel de capítulos, que a continuación se transcribe:



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ESTADO DE GASTOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
	A.- OPERACIÓN CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	730.594,17	24,482
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.616.527,24	54,168
3	GASTOS FINANCEIROS	4.500,00	0,151
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	84.237,44	2,823
5	FONDO DE CONTINGENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00	0,000
	TOTAL OPERACIÓN CORRENTES	2.435.858,85	81,623
	B.- OPERACIÓN DE CAPITAL		
6	INVERSIÓN REAIS	548.406,35	18,377
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,000
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,000
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,000
	TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	548.406,35	18,377
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	2.984.265,20	100,000

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
	A.- OPERACIÓN CORRENTES		
1	IMPUESTOS DIRECTOS	983.025,92	32,811
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	68.660,73	2,292
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	353.035,41	11,784
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.386.194,06	46,268
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	3.900,00	0,130
	TOTAL OPERACIÓN CORRENTES	2.794.816,12	93,285
	B.- OPERACIÓN DE CAPITAL		
6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	900,00	0,030
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	200.283,88	6,685
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	201.183,88	6,715
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	2.996.000,00	100,00

2- Aprobar, do mesmo xeito, as bases de execución do orzamento, o cadro persoal e a relación de postos de traballo, reservados a persoal funcionario, laboral e eventual, tal e como figuran no expediente de tramitación do presuposto no que se inclúen os créditos necesarios para o abono das dotacións correspondentes. Todo elo de acordo co disposto no art. 126.1 do Real Decreto Lex. 781/1986, de 18 de abril, en relación co art. 90 da Lei 7/1985 de 2 de abril, e que se transcribe a continuación:

1.- PERSOAL FUNCIONARIO.-

POSTO DE TRABAJO	SUBGRUPO	SITUACIÓN
Secretario – Interventor Habilitación Nacional	A1/A2	Propiedade
Técnico-Medio-Tesoureiro* Administración Especial	A2	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Administrativo Administración Xeral	C1	Propiedade
Policía Local Administración Especial	C1	Propiedade (para extinguir)

- En relación coa Tesourería, estarase ao indicado previamente na Memoria e ao que dispoña a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018.



2.- PERSOAL LABORAL FIXO/INDEFINIDO.-

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Traballador Social	1	Xornada completa
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	1	Vacante
Peón	2	Xornada completa
Encargado de obras e servizos de mantemento	1	Xornada completa
Encargada Biblioteca e Secretaria Xulgado	1	Xornada completa
1º Oficial de 2ª	1	Xornada completa
Operario de servizos múltiples	1	Xornada completa

3.- PERSOAL LABORAL CONTRATADO (NON FIXO).-

POSTO DE TRABALLO OU CARGO	NÚMERO DE POSTOS	CARACTERÍSTICAS
Auxiliar de axuda a domicilio	2	Xornada completa
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	A extinguir en caso de cubrixe como laboral fixo
Persoal convenio motobomba (incendios)	3	Xornada completa (3 meses)
Persoal brigada incendios (labores de vixilancia e extinción)	5	Xornada completa (3 meses)
Persoal do P.A.I.	2	Xornada completa
Traballador social (agrupación Friol-guntín)	1	Xornada completa

4.- PERSOAL EVENTUAL.- Ningún.

O Cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma ou de outros organismos públicos para financiar ou cofinanciar a contratación de persoal de obras ou de servizos determinados; ou ben por necesidades perentorias do servizo.

- 3- Que se expoña ao público polo prazo de quince hábiles, a efectos de exame e presentación de reclamacións, conforme ao establecido no art. 169.1 do Real Decreto Lex. 2/2004, de 5 de marzo.
- 4- Que no suposto de non presentarse reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, cumpríndose con posterioridade o trámite da súa publicación, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, xunto co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, de acordo co establecido no art. 127 do Real Decreto Lex. 781/1986 de 18 de abril e no art. 169 do Real Decreto Lex. 2/2004. No caso de presentarse reclamacións, procederase de acordo co previsto no devandito artigo, resolvéndose as mesmas polo Pleno do Concello.
- 5- Que de conformidade co previsto no art. 169.4 do Real Decreto Lex. 2/2004, remitirase copia do presuposto á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Unha vez realizada a votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

Con anterioridade á votación procedeuse ao turno de intervencións. Comeza coa exposición do Sr. Alcalde, na que se di que o orzamento municipal para o 2018 ascende en ingresos a 2.996.000€ e en gastos a 2.984.265,20€. A razón do superávit inicial de 11.734€, en orde a non producir desestabilidade orzarmentaria, é igual ao importe que hai que devolver ao Estado durante o vindeiro ano, en concepto de liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado nos exercicios de 2008 e 2009. Engade que se aproba o proxecto de orzamento para 2018, antes de que estea aprobado o presuposto xeral do Estado, o que motiva a falta dalgúns datos concretos, como pode ser o importe do incremento salarial do persoal, ou a participación municipal nos tributos do Estado.



Seguidamente procede a súa intervención o concelleiro do Grupo Socialista Sr. Barreiro. Comeza a súa exposición dicindo que o presuposto e practicamente igual ao do pasado ano, e non obstante, pon de manifesto que hai menos presuposto destinado a inversións. Refírese tamén ás propostas do Partido Popular no tema de obras, facendo referencia a propostas de obras que se presentan no pleno, como a actuación na Igrexa de Condes, que non se levan a cabo, engadindo que quizais estean paradas pendentes de algunha xestión no Bispado. Tamén se refire ao tema dos taboleiros de anuncios, que a día de hoxe, aínda non están colocados. Engade que prefiren que digan que no, a que digan que si e logo non se executen.

Fai referencia o Sr. Concelleiro tamén a que xa se está á metade da lexislatura e non hai avances, nin se observa previsión en relación co tema da residencia da terceira idade. Conclúe que se nesta non poidera ser, a ver se para a vindeira.

Conclúe a súa intervención, dicindo que ademais das razóns expostas no pleno anterior, que non é cuestión de repetir, e do exposto anteriormente na presente intervención, o Grupo Socialista votará en contra da aprobación do presuposto.

O Sr. Alcalde responde que o tema da igrexa de Condes, non está olvidado, xa houbo varias reunións e está pendente de Patrimonio. No que se refire ao tema dos taboleiros de anuncios, responde que xa están colocados, preguntando a concelleira Sra. Martínez onde está colocado o de Carballo.

O Sr. Alcalde di que toma nota e se falta algún, subsanarase.

No que se refire ao tema da residencia da terceira idade, responde que ten dúbidas de que se propoña en serio. No caso de levar a cabo a redacción e a execución do proxecto da residencia da terceira idade, sería a ruína do concello, xa que non temos capacidade económica para dito gasto. Fixéronse xestións coa Consellería e teñen a súa palabra de que se construíría á maior brevidade posible. Sinala que é unha competencia da CC.AA., non do concello, e esperan que a Xunta acometa o proxecto e as obras. Comparten a súa opinión de que é un servizo de moita importancia, xa que hai moitas familias con xente maior. Reitera que levalo a cabo non é competencia do concello, que si que ven facendo xestións para que a consellería faga esta actuación. Conclúe o Sr. Alcalde poñendo de manifesto que como o Grupo Socialista xa puxo de manifesto o sentido do seu voto, pouco mais vai dicir ao respecto.

O concelleiro do Grupo Socialista Sr. Barreiro di que entenden o exposto polo Alcalde, pero si que se poden recoller partidas para axudar a outras administracións a que o fagan, recollendo actuacións como aportar terreos, aportacións económicas. Explica que ese era o senso da súa intervención.

O Sr. Alcalde di que o Concello xa fixo un esforzo económico importante, xa que os terreos xa están comprados e poñeranse a disposición da Consellería, en canto teñan financiación para elo. Á vista do anteriormente exposto, de que non hai mais intervencións ao respecto, cérrase o debate e procédese á votación no senso anteriormente indicado, e polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

3.- DECRETOS DA ALCALDÍA.- Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Alcaldía, transcritas ao Libro de Resolucións, das datas comprendidas entre o tres de xullo ata o trinta e un de outubro do actual.



4.- INFORMES DA ALCALDÍA.- A petición do Sr. Alcalde, polo Secretario dáse conta ao Pleno das cuestións que a continuación se relacionan, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos:

- Acordo da Xunta de Goberno, na sesión do 25 de setembro, polo que se realiza unha nova convocatoria pública en orde á adxudicación da nave núm. 2 do viveiro de empresas, de conformidade co disposto nas ordenanzas aprobadas. Foi a que quedara deserta na primeira convocatoria aprobada. Publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 236 de data 14 de outubro. No prazo establecido presentouse unha única solicitude, por Roberto Eiroa Díaz, para a actividade de compra-venta de vehículos usados. A Xunta de Goberno, na sesión do 11 de decembro do actual, acorda a adxudicación da nave núm. 2 a Roberto Eiroa Díaz, da superficie útil de 330 m², para compra-venta vehículos usados.
- En relación co tema das mámoas do parque empresarial, con anterioridade á celebración da sesión ordinaria do 28 de setembro, o concelleiro Sr. Santos Ramos preguntaba:

“Recentemente, ao tempo que se desenvolvían obras de construción dunha nave no Polígono Industrial de Friol, producíanse dúas agresións patrimoniais de especial relevancia. Unha, actuando con maquinaria pesada sobre unha mámoa nas inmediacións da nave en construcións e outra facendo desaparecer outra mámoa nas inmediacións do Polígono Industrial. Ambos elementos patrimoniais recoñecidos e delimitados no propio PXOM aprobado inicialmente, o que representa, a maiores de un atentado a un patrimonio histórico que pertence a todos unha obviación consciente das normas con consecuencias irreversibles.

Polo exposto, preséntase ao Goberno Municipal as seguintes

PREGUNTAS

- Cando tivo coñecemento o Goberno Municipal destes feitos?
- Existe algunha autorización, permiso e/ou licenza para actuar sobre as zonas afectadas?
- Ten identificado o Goberno Municipal a persoas ou persoas responsables destes feitos?
- Puxo o Goberno Municipal algunha iniciativa en marcha para evitar que esta desfeita non se producise ou acadase as dimensións que acadou finalmente?
- Que iniciativas e procedementos, se é o caso, ten posto en marcha ou prevé actualmente respecto desta situación?”

A estas cuestións deuse resposta, na sesión celebrada o 28 de setembro. Desde a data de celebración da sesión:

- Á vista das actuacións ao respecto, en relación coa construción de naves, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, acordou a incoación de procedementos sancionadores que a continuación se relacionan, por non contar coa previa autorización da Consellería de Cultura nin o control arqueolóxico esixido polo Concello de Friol, nos acordos de concesión de licenzas:
 - Lácteos Friol SLU.
 - Javier Núñez Brao.
 - Josefa Lodeiro Mejuto.
- Polo concello solicitouse a redacción dun proxecto de control de remoción de terras, en relación coa zona verde do parque empresarial, en orde á posta en valor das mámoas existentes na mesma, co preceptivo control arqueolóxico. Tamén unha memoria valorada dos traballos en orde á creación dunha zona verde, que supón un investimento de 24.191.83€, na que se contemplan traballos de delimitación da superficie de salvagarda, trazado dun camiño ou senda peonil, plantación de césped apropiado, e de arbustos autóctonos, así como dotación de mobiliario urbano básico e cartel orientativo da existencia dun túmulo neste espazo. A documentación remitiuse á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, que resolve “Autorizar a proposta incluída no proxecto de control arqueolóxico, debendo realizarse a actuación de remoción de terras baixo do control arqueolóxico do que se presentou proxecto”.
- Na sesión do Pleno do Concello, celebrada no mes de xuño de 2015, aprobouse a ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN, ao abeiro



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

do disposto no art. 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos cargos que levarán aparellada réxime de dedicación parcial:

- A Alcaldía-Presidencia.
- A Delegada de Cultura, Xuventude e Atención Cidadá, concelleira dona Fátima Iglesias Núñez

No acordo dise que “o importe da dedicación actualizárase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da administración pública”.

Na Lei 37/2007 de presupostos xerais do Estado para 2017, establécese un incremento retributivo do 1% para o persoal ao servizo da administración pública.

Na disposición adicional 32 refírese ao réxime retributivo dos membros das corporacións locais, que supón unha actualización dos límites máximos que poden percibir os membros das corporacións locais, engadindo que a actualización dos límites non implica incremento retributivo para os cargos electos das corporacións locais, que no seu caso requiriría a adopción do oportuno acordo do Pleno. En relación co incremento do 1%, como no seu día o acordo polo que se establecen as retribucións xa contempla “O importe da dedicación actualizárase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da administración pública”, non se considerou necesario a adopción de novo acordo ao respecto. Non obstante, dáse conta ao Pleno, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.- A continuación o Sr. Alcalde pregunta aos señores concelleiros se queren facer algún rogo ou pregunta, non constando ningún presentado por escrito con anterioridade á convocatoria da sesión.

O concelleiro Sr. Barreiro Villar pide que se inste a Xunta a manter a liña de autobús pola tarde. O concello é pagador, aumentou o presuposto e recibe menos servizo.

O concelleiro Sr. Barreiro Villar refírese seguidamente á guía de Friol, se é que se lle pode chamar guía. Di que se trata dun texto xenérico, repetitivo, fala con fantasía, concluíndo que hai moita palla e pouco contido. Tamén se refire a que contén erros de imprenta, como que o concello de Friol limita co concello de Toques, así como que ten 32 parroquias, e sitúa a Cova da Serpe na serra do Careón.

No que se refire aos petrogrifos, refírese a dúas fotografías, non se entende se é un ou dous, referíndose a Bouzaboa e a Pena do Zapato. Engade que no que se refire aos pazos, olvida un fundamental o pazo de Trasmonte, Tamén fala dun xeito xenérico de muiños e cruceiros, non cita ningún, nin o cruceiro de Cotá que é un dos mais importantes.

Tampouco ten moito sentido a referencia que fai a feira de pan e queixo, que encandra na denominación de orixe Arzúa-Ulloa. Di tamén que falta un croquis onde se sitúan os monumentos que se refire na guía. Conclúe dicindo que está feita con pouco rigor e erros importantes, razóns polas que:

- Debe ser retirada
- Debe rectificarse a guía sen custe para o concello
- Debería publicarse unha nota de prensa disculpando polos erros



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Tamén ao respecto da guía, pregunta polo seu custe. Di que de ser soamente nun idioma, debía ser en galego e pregunta quen autorizou a súa publicación.

O concelleiro Sr. Barreiro, no que se refire aos cortes de luz, di que a xente de Friol queixouse xa que estaba sen suministro, un día de ventolera e Friol queda sin luz.

O concelleiro Sr. Barreiro, refírese a Decretos de 17 e 18 de xuño, no que Intervención formula reparos en relación cos pagos que se aproban, sendo a súa resolución executiva. Pregunta os motivos polos que intervención reparou eses pagos.

A continuación o Sr. Alcalde pasa a dar resposta ás cuestións formuladas polo concelleiro do Grupo Socialista Sr. Barreiro.

En relación coa última das cuestións, a dos Decretos de pagos sobre os que hai reparos de Intervención, o Sr. Alcalde ao falar deses Decretos pensa que se está referindo ao de 19 de xuño que, cree recordar, é de pagos de Bascuas, Cholo e Hordescon. Di que foron acopiando materiais e realizando actuacións, e que non se realizaron tramitacións previas para ver si estaba a partida axustada, ou habería que engadir algún trámite. Di que se foi actuando con premura e á vista das peticións e situacións coas que se ían atopando. Non obstante, teñen intención de ir facendo caso dos informes de Intervención, sometendo as actuacións ao trámite de fiscalización previa, debéndose a omisión na maioría dos casos a olvidos involuntarios e actuacións que entenderon demandaban unha rápida resposta, trátase de ir cambiando o paso e que nos vindeiros anos non ocorran.

O concelleiro Sr. Barreiro di que non está moi conforme coa explicación.

No que se refire aos cortes de subministro eléctrico, responde o Sr. Alcalde que falou con Fenosa. Expón que o tendido de liña que atravesa a finca de Estrella, cortouse e estiveron 2 horas sen luz. Engade que as empresas grandes poñen desculpas, pero hai tendidos que terían que renovar, media tensión, xa que os paus de madeira en mal estado. Engade que quedou co encargado de Gas natural en falar persoalmente.

No que se refire á liña de autobús, di o Sr. Alcalde que xa falou co Xefe Territorial. Engade que están facendo xestións en relación coas liñas das 13:15 e 18:00 horas.

No que se refire ao custe da guía, responde que exactamente non o sabe, que despois da sesión falará co tesoureiro, e lle dirá o importe, aínda que pensa que sobre os 13.000€.

No que se refire aos erros da guía, responde que en parte serían do Concello e en parte do seu redactor, erros que non disculpa. Tampouco os do persoal do Concello que colaborou na mesma. Para a vindeira edición da guía, se estamos aquí todos, di que invitará aos concelleiros do Grupo Socialista a que fagan as súas aportacións, en orde a corregir os erros entre todos. Conclúe que non se vai retirar a guía, nin publicar nota de prensa pedindo desculpas. O que si que se farán é reunións co redactor, e entre todos procurar mellorar a seguinte edición da guía.

O Sr. Barreiro di que quería facer algunha matización ao respecto do afirmado polo Sr. Alcalde, respondendo este que xa tivo o seu turno de rogos e preguntas, e xa obtivo resposta ás cuestións que formulou, polo que non ten lugar o mesmo. De todos os xeitos, matiza quenon ten inconveniente en darlle un novo turno por se quere engadir algunha cuestión, dicindo o concelleiro Sr. Barreiro que renuncia ao mesmo.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O Sr Alcalde conclúe desexando boas festas e feliz ano novo, con saúde, alegría e felicidade.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás catorce horas e cinco minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.